EXERCICIO DA MATERIA FILOSOFÍA I

Composición sobre: *O obxectivo da Ética: Felicidade ou Xustiza?*

Deberás redactar unha composición, a modo de ensaio breve (unhas dúas páxinas) con ese título. Trátase de exercitar a capacidade de exposición e argumentación sobre temas filosóficos, así como de estimular a investigación e reflexión persoal favorecendo unha aprendizaxe autónoma, dado que todos os demais exercicios e cuestionarios deixan pouco espazo para iso, polo seu carácter de autoavaliables.

Hai moitas formas e estilos de construír un texto persoal sobre un tema; pero ante todo debe ser unha exposición clara, rigorosa, coherente e ordenada. Para logralo podes ter en conta as indicacións que xa se teñen feito a este respecto noutras secións anteriores.

- Analiza o sentido dos dous termos da disxuntiva que aparecen no título e as súas implicacións.
- Analiza tamén críticamente as diferentes propostas en cada unha das dúas direccións, reflexionando sobre os diferentes sistemas éticos estudiados nesta sección, así como as súas insuficiencias.
- Intenta compatibilizar ambas as dúas alternativas da disxuntiva, ou articulalas priorizando unha e subordinando a outra.
- Xustifica argumentativamente (aportando razóns) a conclusión á que chegues.

Como noutras ocasións, pode resultarche útil buscar información en internet, seleccionando e articulando as fontes que che parezan máis solventes. Ao final do traballo debes citar as fontes que utilizaches para elaboralo.